

Por resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 12/07/2021, adoptouse o seguinte acordo:

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Deportes con data 8/07/2021 e que literalmente di:

ASUNTO: TRAMITACIÓN AUTORIZACIONES DE USO DEMANIAL PARA A NOVA TEMPADA DEPORTE. ACTUACIONES CONCORDANTES.

ANTECEDENTES

No BOP nº 179 de 20 de setembro de 2019, publícanse as bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización de pistas deportivas a pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2019– 2020 e 2020 – 2021. As citadas bases recollen entre outros aspectos, un período de vixencia das mesmas comprendido dende a data de resolución ó 30/06/2021.

Tendo en conta as experiencias previas, os tempos de tramitación do expediente de outorgamento de autorizacións demaniais por concorrencia competitiva extenderanse ó inicio da tempada 2021-2022. (1 setembro de 2021). será imposible a tramitación das novas autorizacións antes do comezo da nova tempada.

Neste senso, a disposición transitoria única das citadas bases, establece o seguinte: “(..) *No suposto de que o día 1 de setembro de 2021 non houberse resolución definitiva da distribución de uso das instalacións, as entidades que participen na presente convocatoria manterán con carácter provisional os horarios de uso concedidos na tempada 2019/2020 e 2020/2021 ata que se dite a resolución definitiva da nova distribución das instalacións. A resolución da presente convocatoria levará consigo a revogación de calquera ocupación de instalación que sexa contraria á mesma. (...)*”

As autorizacións concedidas foron as seguintes:

No suposto de instalacións deportivas e pistas escolares:

Resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 28/08/2020, pola que aprobase a lista definitiva de admitidos e excluídos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e Pistas escolares no Concello de Ferrol. Tempada 2019-2020 e 2020 – 2021.

No suposto da piscina municipal de Caranza:

Resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 12/11/2020, pola que acordouse autorizar os cambios solicitados polo Club Natación Ferrol; Club Marina Ferrol; Club Sincro Ferrol e Club Triatlón Ferrol mediante escrito RE nº 49162 de 10/11/2020 de reparto e regulacións de horas na piscina.

IMPLICACIÓN DA PRORROGA

Co fin de adaptar ésta a prorroga as necesidades da tempada 2021 – 2022, e tomando como referencia o establecido na base 9.3 , con data límite ao 15 de setembro de 2021 as entidades autorizadas deberán:

- *Comunicar a Concellería de deportes calquera cambio de destinatarios dentro das horas autorizadas co fin de adecualos a estrutura da nova tempada. Os cambios solicitados quedan supeditados á previa aprobación pola concellería de Deportes, que velará por que se cumpran os límites establecidos na Base 7.*

- *Actividade non federada: Seguro de RC e de accidentes que garanta asistencia sanitaria coa mesma cobertura que se de licenza deportiva se tratase, con xustificante de pago que acredite a cobertura de todos/as os/as participantes da súa actividade(incluídas os/as aspirantes ou en período de proba)*
- *Actividade federada: Seguro de RC e declaración responsable asinada pola/o presidenta/e a da entidade que acredite que todas/os participantes están en posesión da correspondente licenza deportiva.*

AUTORIZACIONES DA NOVA TEMPADA

Considerase oportuno, previo a tramitación do novo expediente regulador das autorizacións para a nova tempada, a elaboración apertura dun período de suxestións das entidades afectas pola futura norma.

Para tal fin, establecerase o seguinte procedemento:

- Os eventuais interesados poderán participar remitindo as súas contribucións a través do Rexistro xeral do Concello de Ferrol.
- A consulta pública permanecerá aberta dende o 15/07/2021 ata o 5/08/2021 incluídos.
- Co obxecto de facilitar a participación na consulta, facilítase a ditas entidades a seguinte información: a última das convocatorias, as bases para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol, tempadas 2019/2020 e 2020/2021 podense consultar na web municipal na seguinte ligazón: <https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnunciosAmpliar/403>)

Á vista do anterior PROPONSE ao concelleiro delegado da Área de Cultura Educación, Universidade, Deportes e Festas por decreto del alcaldía de data 8/07/2019

Primeiro.- Incoar o expediente de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a nova tempada.

Segundo.- Abrir un período de suxestións das entidades interesadas de forma previa a tramitación do novo expediente regulador das autorizacións na que recollerase a opinión das entidades afectas pola futura norma que abarcará o período dende o 15/07/2021 ata o 5/08/2021 ambos incluídos.

Terceiro.- Facer efectiva a disposición transitoria única recollida nas bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e Pistas escolares no Concello de Ferrol. Tempada 2019-2020 e 2020 – 2021 e que insta a prórroga con carácter provisional os horarios de uso concedidos na tempada 2019/2020 e 2020/2021 ata que se dite a resolución definitiva da nova distribución das instalacións, así como as implicacións que conleva descritas na arte expositiva de este informe.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que:

Para os puntos Primeiro e Segundo, nos termos dos artigo 112 da Lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas que os presentes acordos constitúen actos de trámite sen que os mesmos decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto nin imposibilitan continuar o procedemento, polo que contra os mesmos actos non cabe recurso, sen perxuízo do dereito que asiste a opoñerse ao seu contido mediante alegación para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Para o punto Terceiro, a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei

39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

O Secretario xeral